

UN RAPTO DIVINO

Sandra Rivadulla Llerafo
Rubén Seoane Darriba

Érase una vez, nos tempos de María Castaña, o fillo dun alcalde que esa mesma mañá acudía á inauguración dun novo proxecto do pobo. Esa mañá, ademais del, acudían moitos inventores de vehículos doutros mundos, como o profesor de Ismaíl, Dyan Brayfish.

Ismaíl, o alcalde do pobo, facía todo o posible para que o proxecto non causara danos morais á xente.

Pero a mañá seguinte, o alcalde Ismaíl, despois do éxito do día anterior, encóntrabase desaparecido. Non sabía ninguén onde o podían atopar.

Lois Pereira, un gran amigo do alcalde, propúxose ir buscalo, aínda que para iso tivo que pasar por moitas probas descoñecidas. Algunhas foron: Paquistán e a súa guerra; a relojería encantada, na que tivo que programar os reloxos; una cidade moi coñecida polos premios Goia, chamada Madrid; e por su posto un mundo no que todo estaba ao revés.

Todo empezou cando Lois entrou nunha relojería, que a el parecíalle rara. Había moitas portas, e todas coa nova tecnoloxía. Para poder abrílas e pasar a primeira proba do rescate tivo que programar os reloxos co seu dedo índice. Pois os reloxos tiñan que estar perfectos.

E despois de intentalo unas catro veces conseguíuno, e puido abrir una porta que o levaba a un país no que se estaba en guerra: Paquistán. Nel tivo que axudar os paquistanís a gañar esa guerra, que tiñan esta vez con Inglaterra.

De repente, encontrou a un vello amigo que conquistara Troia, Ulises, que qixo axudar a Lois na súa misión.

A seguinte proba era a máis difícil do mundo, pois o demo quería asustalos para que non encontraran ao alcalde Ismaíl. Pero eles non se rendían e pasaron por un buraco negro onde todo estaba ao revés. Nel atopáronse con moitas persoas de diferentes países, e o que tiñan que facer era falar con todos e preguntarlles en diferentes linguas onde estaba a seguinte porta.

Ata que despois dunhas tres horas, atoparon un camino no que tiñan que matar a un cíclope que odiaba o fígado e só tiña un ollo. Ulises, que xa era

experto, fixo como a outra vez co seu arco, e grazas a el conseguiron pasar a penúltima proba.

De súpeto voaron e encontráronse nun mundo de cor vermella , no que estaban todas as persoas malas do Universo. Nada mais chegar, atoparon a Ismaíl atrapado nunha prisión de moedas de ouro, e vixiada por un león cuns dentes super afiados.

Eles, sen pensar máis, recoñeceron as caras. Eran o demo e o profesor de Ismaíl! Xuntáranse para acabar con el!

Entón, como Lois coñecía moi ben ao profesor, empezou a dicir: non nos vencerás, non nos vencerás... E o profesor, ao oír esas palabras, empezou a derretirse como se fóra una vela. Así que eles puideron rescatar a Ismaíl e tamén comer as moedas de ouro.

Cando volveron ao seu pobo, foron recibidos polos alumnos de 6º B dun colexio que el visitara había tempo. Tamén polo seu amigo Hassam, que para recibilo fixera una boa festa.

E colorín colorado , este conto está rematado.